



Concello de Samos

Pz. de España, s/n

27620 Samos (Lugo)

Telf./Fax 982 546002 / 982 546122

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Concello de Samos, sendo as trece horas do día **VINTETRES DE SETEMBRO DE DOUS MIL DEZASEIS**, baixo a Presidencia do 1º Teniente de Alcalde D. José Antonio García Jurjo, pola inasistencia do Sr. Alcalde D. Julio Gallego Moure, que se ausenta para a sinatura de Convenios coa Deputación provincial en Lugo, comparecen os Sres. concelleiros Dona Marisol Orille Díaz, D. Juan Luís López Díaz, D. José Manuel Campo López, Dona María del Carmen Abad Rodríguez e D. Manuel López Armesto, non asisten D. José Antonio Real Vázquez (excusada ausencia) e D. José Aurelio López López (sen excusa), e asistidos pola secretaria municipal D^a. Ana Isabel Candame Areosa, que da fe do acto, co obxecto de celebrar sesión “**extraordinaria**” do **PLENO** deste Concello, xustificada na necesidade de aprobar a Conta Xeral de 2015 antes do 1 de outubro, en primeira convocatoria, previa á mesma.

Aberto o acto pola presidencia procédese a tratar os asuntos que figuran na orde do día da convocatoria, que son do teor seguinte:

1º.- APROBACIÓN SE PROCEDE DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓNS DE DATAS 05/08/2016 E 29/08/2016.

Ao abeiro do sinalado polo art. 91.1 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, por parte do Sr. alcalde pregúntase aos Sres. concelleiros asistentes se teñen que facer algunha observación aos borradores das actas das sesións anteriores de datas 05/08/2016 e 29/08/2016, que lles foi entregado xunto coa orde do día. Sen que se fixeran observacións, procédese á votación, arroxando o seguinte resultado:

Votos a favor: 5 (Grupo municipal socialista).

Votos en contra: ningún.

Abstencións: 1 (Grupo municipal do Partido Popular).

Polo que polo antedito e sendo nove (9) o número legal de membros, se aproban os borradores das actas anteditas.

2º.- ACORDOS QUE PROCEDAN EN RELACIÓN Á CONTA XERAL EXERCIZO 2015.

Vista o expediente tramitado para a aprobación da Conta Xeral deste Concello correspondente ao exercizo económico de 2015 xunto con toda a documentación anexa á mesma, segundo a lexislación vixente.

Visto que a Comisión Especial de Contas en sesión celebrada en data 07/07/2016 emitiu o seguinte ditame en relación coa Conta Xeral correspondente ao exercizo 2014, co tenor literal seguinte:

“Considerando que o obxecto da sesión é proceder ao examen da Conta Xeral do Orzamento desta Entidade, correspondente ao exercicio económico de 2015, en cumprimento do disposto no artigo 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e no artigo 212 do Texto Refundido da Ley Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Considerando que, formada e informada dita Conta Xeral pola Intervención Municipal, foron comprobados os documentos oportunos, así como toda a documentación anexa á mesma e esixida pola vixente lexislación, a Comisión Especial de Contas deste Concello, por unanimidade dos tres concelleiros asistentes D^a Marisol Orille Díaz, Dona Maria del Carmen Abad Rodríguez, e D. Jose Manuel Campo López, ningún voto en contra e ningunha abstención, DITAMINA:

PRIMEIRO. *Informar favorablemente a Conta Xeral do Concello do exercicio 2015 e que está integrada polos seguintes documentos:*

- O Balance.*
- A Conta do resultado económico-patrimonial.*
- O Estado de Liquidación do Orzamento.*
- A Memoria.*

Así como a seguinte documentación adxunta:

- Actas de arqueo das existencias en Caixa referidas a fin de exercizo.*
- Certificacións de cada entidade bancaria dos saldos existentes nas mesmas a favor da entidade local, referidos a fin de exercizo e agrupados por nome ou razón social da entidade bancaria, así como de Secretaría en relación ao saldo existente na Caixa da Corporación.*
- Certificado de Secretaría de Conciliación das diferencias entre os saldos bancarios e os contables.*
- Informe de Intervención.*

SEGUNDO. *Ordear que a referida Conta, así como o propio informe emitido por esta Comisión, sexan expostos ao público, por prazo de quince días, a fin de que durante dito prazo e oito máis, quenes se estimen interesados poidan presentar cantas reclamacións, reparos ou observacións, teñan oportuno, os cáles, no caso de presentarse, habrán de ser examinados por esta Comisión, previa práctica de cantas comprobacións se estimen como necesarias, para a emisión de novo informe, que será elevado, xunto cos reparos, reclamacións ou observacións formulados, á consideración plenaria definitiva.”*

Visto que a mesma xunto co informe emitido pola Comisión Especial de Contas estivo exposta ao público mediante anuncio inserto no BOP nº 157 de data 09/07/2016 por prazo de quince días contados a partir do seguinte ao da publicación do citado anuncio, a fin de que durante dito prazo e oito máis, quenes se estimaran interesados puideran presentar cantas reclamacións, reparos ou observacións, sen que os mesmos foran presentados, como así se fai constar en Certificado de Secretaría de data 09/08/2016.

Vista a RESOLUCIÓN do 11 de xullo de 2011 pola que se ordena a publicación do acordo do pleno da Institución do 3 de maio de 2011, polo que se aproba a instrución que regula o formato normalizado da conta xeral das entidades locais en soporte informático e o procedemento

telemático para a súa rendición (D.O.G. nº 137 de data 18/07/2011) , e vista a norma sexta do citado acordo, que literalmente sinala:

“ As contas rendidas conforme o disposto neste acordo consideraranse rendidas, tamén, ante o Tribunal de Contas, a partir da entrada en vigor do Convenio de Colaboración que se subscriba entre as institucións antes mencionadas para a implantación de medidas de coordinación da rendición telemática das Contas Xerais das Entidades Locais, e que se atopará accesible na páxina web do Consello de Contas.”

Visto que o citado Convenio de Colaboración asinouse entre o Tribunal de Contas e o Consello de Contas en data 27/06/2011 e que trala firma do mesmo e a súa entrada en vigor, o proceso de rendición será único a través da Plataforma Conxunta.

Vistos o artigos 22.2.e) e 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, 212 do RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e 64.2.f) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración Local de Galicia, e sen que se produzan intervencións, **o Pleno do Concello de Samos**, por cinco votos a favor dos Sres. concelleiros D. José Antonio Garcia Jurjo, Dona Marisol Orille Díaz , D. Juan Luís López Díaz, D. José Manuel Campo López e Dona Maria del Carmen Abad Rodríguez, ningun voto en contra e unha abtención do Sr. concelleiro D. Manuel López Armesto, sendo nove (9) o número legal de membros, **adopta o seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO: Aprobar a Conta Xeral do Concello de Samos correspondente ao exercizo económico 2015, unha vez cumpridos os trámites sinalados legalmente, e sen que se presentaran reparos ou observacións á devandita conta.

SEGUNDO: Render a Conta Xeral así aprobada e toda a documentación que a integra ao Consello de Contas de Galicia a través da Plataforma Conxunta desenvolvida polo Tribunal de Contas e os órganos de control externo considerando así de conformidade coa lexislación vixente, que as mesmas foron rendidas ao Tribunal de Contas.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente dáse por rematado o acto, sendo as trece horas cinco minutos do expresado día, levantándose a presente acta da que eu como Secretaria DOU FE.

O 1º Teniente Alcalde, ,
(Presidente por ausencia do titular)

Asdo.- José Antonio García Jurjo.

A secretaria,

Asdo.: Ana-I. Candame Areosa.

